

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO  
PARA A CONTRATACIÓN POR OBRA E SERVICIO DOS POSTOS DE  
XERENTE E TÉCNICO POR PARTE DO GRUPO DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA TAMBRE MANDEO (GDR 20)  
NA MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020.**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER  
Europa inviste no rural

## I.- ANTECEDENTES

A Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla, Tambre, Mandeo en reunión celebrada o día 19 de setembro de 2016, dispuxo convocar un proceso de selección para a contratación dun XERENTE e un TÉCNICO, en relación á xestión e aplicación do programa de Desenvolvemento Local de este GDR de conformidade co convenio de colaboración entre AGADER, os GDRs e as bases da convocatoria do LEADER 2014-2020.

## II.- BASES REGULADORAS

### BASE 1.- OBXECTO

O obxecto da convocatoria é fixar as bases que han de rexer a selección de persoal para dous postos de traballo dentro do marco do programa LEADER 2014-2020 para o GDR Ulla, Tambre, Mandeo.

Os postos que se ofertan serán a tempo completo e por obra e servizo segundo o artigo 15.1º do Real Decreto Legislativo de 2/2015 de 23 de outubro e o RD 2720/1998.

### POSTOS A CUBRIR:

- Un posto de XERENTE
- Un posto de TÉCNICO

### BASE 2.- DESCRICIÓN DOS POSTOS, REQUISITOS E FUNCIONS

#### A.- POSTO DE XERENTE

##### CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE XERENTE

Dedicación: exclusiva

Contrato: a tempo completo

Horario: a convir

Retribucións: Como máximo a que se poida imputar a la iniciativa LEADER, 32.000 euros brutos anuais

Duración: por obra ou servizo determinado

Período de Proba: 6 meses

Centro de Traballo: sede do GDR UTM. Avda. de Lugo, 41 O Pedrouzo-Arca, 15821 O Pino

##### FUNCIONS DO POSTO DE XERENTE

- Traballar pola consecución dos obxectivos marcados polos órganos de decisión do GDR UTM 20 para o desenvolvemento do programa no territorio.
- Adoptar os acordos establecidos pola Xunta Directiva do GDR UTM 20
- Seguimento e control financeiro do programa LEADER.
- Dinamización, animación e mobilización do territorio para acadar a maior participación da comunidade local e fomentar o xurdimento de proxectos

que posibiliten acadar o cumprimento dos compromisos orzamentarios de cada anualidade polo GDR UTM 20.

- Promoción, captación e difusión de proxectos de investimento que se dean no territorio, apoio aos promotores, así como maduración de tódalas iniciativas propostas ao longo do período 2014-2020 que xurdan no territorio.
- Asesorar de maneira dilixente aos interesados nas axudas tanto do LEADER como de calquera outra que sexa aplicable ao proxecto.
- Asesoramento e acompañamento aos promotores dos proxectos presentados ás axudas do LEADER durante todo o proceso de tramitación, así como durante o proceso de execución e xustificación dos investimentos aprobados.
- Elaborar informe técnico económico e informe de elixibilidade de cada proxecto.
- Realización de estudos de mercado, plans de viabilidade das iniciativas vinculados ao programa LEADER.
- Seguimento económico do programa LEADER.
- Aplicación dos principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia na xestión do programa LEADER.
- Dirixir o equipo do que forma parte no programa LEADER.
- Dinamizar a poboación activa do territorio para acadar a súa participación nos plans de formación que desenvolva o GDR UTM 20.
- Outras funcións que lle sexan encomendadas pola Xunta Directiva, a Asemblea Xeral ou o Presidente do GDR UTM 20, así como as correspondentes que marque o LEADER ou AGADER.
- Colaborar coas administracións locais, autonómicas, estatais ou comunitarias.
- Colaborar na implantación, nos territorios do GDR UTM, do programa de desenvolvemento rural local nos organismos que xestione o GDR UTM 20.
- Elaborar un INFORME ANUAL DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO da posta en practica da estratexia de desenvolvemento local.
- Xestión outros proxectos complementarios no territorio como proxectos de cooperación interterritorial ou transnacional.

#### REQUISITOS ESIXIDOS PARA O POSTO DE XERENTE

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os requisitos que a continuación se enumeran:

- Ser cidadán español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea.
- Ser maior de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
- Permiso de conducir B, dispoñer de vehículo para a realización de desprazamentos necesarios para execución das tarefas.
- Titulación mínima requirida: Licenciatura, Enxeñeiro Superior (enténdense os graos como equivalente)
- Non padecer ningunha enfermidade ou defecto físico que impidan o desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade, segundo a lexislación vixente.



- Non desenvolver cargos electos no GDR UTM 20 nin en calquera outro GDR da Comunidade Autónoma Galega.

### FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Valorarase a formación complementaria nas seguintes áreas, sendo unicamente puntuable cando esta formación sexa acreditada por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centros de Formación Acreditados para impartir dita formación:

- Formación específica en temas relacionados co desenvolvemento rural.
- Formación específica vinculada a coñecementos económico-financeiros.
- Formación específica vinculada a coñecementos ofimáticos.
- Formación específica vinculada a coñecementos administrativos, incluíndose neste apartado a formación no idioma galego e outros idiomas estranxeiros.

### EXPERIENCIA

Valorarase a experiencia acreditada polo candidato no desempeño do posto de traballo ao que se opte en relación coa xestión de programas de desenvolvemento local participativo como LEADER, AGADER, GALP, PRODER e outros de filosofía similar a LEADER.



## B.- POSTO DE TÉCNICO

### CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TÉCNICO

Contrato: a tempo completo

Horario: a convir

Retribucións: Como máximo a que se poida imputar a la iniciativa LEADER, 26.000 euros brutos anuais

Duración: por obra ou servizo determinado

Período de Proba: 6 meses

Centro de Traballo: sede do GDR UTM, Avda. de Lugo, 41 O Pedrouzo-Arca, 15821 O Pino

### FUNCIÓN DO POSTO DE TÉCNICO

- Traballar pola consecución dos obxectivos marcados polos órganos de decisión do GDR UTM 20 para o desenvolvemento do programa no territorio.
- Colaborar coa xerencia nas labores de dinamización, animación e mobilización do territorio para acadar a maior participación da comunidade local, maduración de proxectos, apoio aos promotores e apoio técnico para a selección de proxectos.
- Colaborar coa xerencia na elaboración dos informes técnico económico e de elixibilidade de cada proxecto.
- Colaboración ca xerencia para realización de estudos de mercado, plans de viabilidade das iniciativas vinculados ao programa LEADER.
- Elaboración de informes do LEADER 2014-2020 relativos ó grao de execución do programa, así como do grao de realización de todos e cada un dos expedientes do programa.
- Difundir e publicitar o programa de desenvolvemento do GDR UTM.
- Control, seguimento e correcta xustificación do plan de formación que desenvolva o GDR UTM.
- Asesoramento técnico aos promotores.
- Supervisión da xustificación dos investimentos por parte dos promotores das axudas LEADER concedidas.
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Xunta Directiva, a Asemblea Xeral, Presidente do GDR UTM ou polo Xerente.

### REQUISITOS ESIXIDOS PARA O POSTO DE TECNICO

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os requisitos que a continuación se enumeran:

- Ser cidadán español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea
- Ser maior de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
- Permiso de conducir B, dispoñer de vehículo para a realización de desprazamentos necesarios para execución das tarefas.
- Titulación mínima requirida: Diplomatura, Grao, Enxeñería Técnica ou equivalente
- Non padecer ningunha enfermidade ou defecto físico que impidan o desempeño das correspondentes funcións.



- Non estar incurso en causas de incompatibilidade, segundo a lexislación vixente
- Non desenvolver cargos electos no GDR UTM 20 nin en calquera outro GDR da Comunidade Autónoma Galega.

#### FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Valorarase a formación complementaria nas seguintes áreas, sendo unicamente puntuable cando esta formación sexa acreditada por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centros de Formación Acreditados para impartir dita formación:

- Formación específica en temas relacionados co desenvolvemento rural.
- Formación específica vinculada a coñecementos de contabilidade.
- Formación específica vinculada a coñecementos ofimáticos, internet e deseño gráfico
- Formación específica vinculada a coñecementos administrativos, incluíndose neste apartado a formación no idioma galego e outros idiomas estranxeiros.

#### EXPERIENCIA

Valorarase a experiencia acreditada polo candidato no desempeño do posto de traballo ao que se opte en relación coa xestión de programas de desenvolvemento local participativo como LEADER, AGADER, GALP, PRODER e outros de filosofía similar a LEADER.

#### BASE 3.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A convocatoria divulgarase nos seguintes medios.

- Na edición escrita do xornal de maior tirada do GDR Ulla, Tambre, Mandeo.
- Publicación na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>
- Exposición do anuncio de convocatoria nos taboleiros de anuncios municipais dos concellos do ámbito de actuación do GDR UTM 20.
- No blog: <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>

#### BASE 4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude consistirá nunha instancia (que figura como ANEXO I) dirixida ao GDR UTM 20 na que se fará constar o posto para o que se presenta, así como que se reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

En caso de que un aspirante desexe concorrer a mais de un posto deberá presentar a correspondente solicitude para cada posto ao que desexe presentarse.

#### DOCUMENTACIÓN

A solicitude deberá acompañarse dos seguintes documentos:

- 1.- Copia do DNI.
- 2.- Copia da titulación requirida.
- 3.- Copia do permiso de conducir B e declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
- 4.- Currículo do/a aspirante en formato Europass, onde se relacionen os méritos.  
<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>

5.-Listado enumerado dos méritos alegados que serán os que se acrediten para a valoración na fase do concurso e copia ordenada, segundo dito listado, dos títulos que acrediten ditos méritos.

6.- Informe de vida laboral, para a acreditación da experiencia laboral.

7.-Certificado de empresa coa relación de funcións desenvolvidas.

A Comisión de Selección poderá esixir a achega de orixinais para efectos de comprobar a veracidade das copias presentadas.

#### LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes remitiranse en sobre pechado e selado , por correo postal certificado a:

**ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA, TAMBRE, MANDEO**  
**A/Att. COMISIÓN DE SELECCIÓN DO GDR UTM 20**  
**CONCELLO DE O PINO**  
**RUA CONCELLO S/N**  
**15821 PEDROUZO, ARCA (O PINO)**

O aspirante deberá acreditar a remisión da documentación mediante correo electrónico ao enderezo: [seleccionpersonalgdrutm@gmail.com](mailto:seleccionpersonalgdrutm@gmail.com), adxuntando unha copia escaneada da solicitude (Anexo I) e copia escaneada do xustificante de envío certificado de correos, no que conste a data de envío, antes de que finalice do prazo de presentación, esta data será a que se terá en conta para o cumprimento do prazos.

#### PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación da solicitude e documentación acreditativa, iníciase o día seguinte da publicación do anuncio en prensa e permanecerá aberto durante un período de 20 días naturais.

#### BASE 5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Esgotado o prazo de presentación de solicitudes procederase á comprobación da documentación presentada e á elaboración dunha Lista Provisional de aspirantes na que se indicará tamén a relación de persoas excluídas e a causa da mesma.

A Lista Provisional de admitidos publicarase no blog: <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>, no prazo máximo de 7 días naturais, a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

E ademais tamén poden ser publicada na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>

Unha vez publicada a Lista provisional de admitidos, os aspirantes contarán con un período de alegacións no que poderán presentar aquela documentación que estimen pertinente, no prazo de 3 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación no blog do GDR UTM coa finalidade de poder susanar o defecto que motiva a exclusión.



Esta documentación enviarase mediante correo certificado, segundo o procedemento descrito no apartado “BASE 4: LUGAR DE PRESENTACIÓN”, dirixido a seguinte enderezo: **ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA, TAMBRE, MANDEO. A/Att COMISIÓN DE SELECCIÓN DO GDR UTM 20. CONCELLO DE O PINO, RUA CONCELLO S/N, 15821 PEDROUZO, ARCA (O PINO).**

Transcorrido este prazo elaborárase a Lista Definitiva coa relación dos aspirantes admitidos, que irá firmada polo Presidente e o Secretario da Comisión de Selección e será exposta, a efectos de publicidade, no blog: <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>

E ademais tamén poderá ser publicado na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>

Así mesmo, coa publicación da lista Definitiva indícarase tamén a data e lugar de realización da proba escrita, que non será antes do transcurso de 3 días naturais dende o día seguinte da súa publicación no blog: <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>

E ademais tamén poderá ser publicado na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>

#### BASE 6.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará constituída polas seguintes persoas:

- Sr. Presidente do GDR Ulla Tambre Mandeo, D. Ovidio Leiva Pereiro
- Sr. Vicepresidente do GDR Ulla Tambre Mandeo, D. Manuel Taboada Vigo
- Sra. Secretaria do GDR Ulla Tambre Mandeo, que exercerá as funcións de secretaria da Comisión de Selección, Dna. Dalia García Couso
- Sr. Tesoureiro do GDR Ulla Tambre Mandeo, D. Alfonso Gómez Corzo
- Sra. Vogal do GDR Ulla Tambre Mandeo, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez

Así mesmo, poderá formar parte da Comisión de Selección, con voz, pero sen voto un representante de AGADER.

A secretaria da Comisión de Selección levantará acta en cada unha das fases do proceso, que firmará co visto e prace da Presidencia, coa finalidade de ter unha constancia escrita das mesmas.

#### BASE 7.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento constará de tres partes:

**1.- Proba escrita**, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa de subvencións e territorio de actuacións do GDR UTM. Puntuación 50% do proceso selectivo.

**2.- Entrevista persoal**, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

**3.- Valoración de méritos**, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.



## 7.1.- PROBA ESCRITA

### a) POSTO DE XERENTE

PROBA ESCRITA: Tempo máximo de 90 minutos.

Constará de dúas partes:

- 25 preguntas tipo test con 3 respostas posibles das cales só unha será válida. Por cada pregunta contestada correctamente terá 1,5 puntos, ata un máximo de 37,5 puntos. Por cada resposta incorrecta restaranse 0,75 punto e as respostas en branco non puntúan.

Haberá 3 preguntas de reserva, por si algunha das anteriores fose impugnada. Esta proba será eliminatoria, sendo precisa para superala un mínimo de 23 puntos.

- Unha pregunta aberta, con un valor de 12,5 puntos na que os aspirantes deberán contestar unha cuestión relacionada co GDR e o seu ámbito de actuación.

As preguntas estarán baseadas no temario que se describe a continuación:

### TEMARIO

- Estrutura económica e social do territorio do GDR UTM 20.
- Aspectos xeográficos do territorio. Patrimonio natural e cultural. Coñecemento do territorio, recursos e axentes dos que dispón.
- O Sector primario.
- Bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOG nº 42, mércores 2 de marzo de 2016)
- A Axencia Galega de Desenvolvemento rural. (AGADER)
- Modelo de convenio de colaboración entre Agader e os GDR no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Acordo de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e Agader no marco do PDR 2014-2020.
- Lei 7/2011. De 27 de outubro, de Turismo d Galicia.
- PDR de Galicia 2014-2020 (Decisión da Comisión Europea C (2015)8144, de 18 de novembro, aprobatoria del PDR de Galicia 2014-2020.
- Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Publicas.
- O asociacionismo. Concepto, características e normativa.
- Valorización do monte. Industrias. Producción e industrias de transformación forestal. Xestión sostible do monte.
- Sociedades de fomento forestal (SOFOR).

- Cooperativismo agrario.
- Normativa Comunitaria de aplicación:
  - a.- Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro.
  - b.- Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro.
  - c.- Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro.
  - d.- Regulamento delegado (UE) 807/2014, de la Comisión, de 11 de marzo, que contempla o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
  - e.- Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, da Comisión de 17 de xullo
  - f.- Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, da Comisión de 17 de xullo

b) POSTO DE TECNICO

PROBA ESCRITA: Tempo máximo de 90 minutos.

Constará de dúas partes:

- 25 preguntas tipo test con 3 respostas posibles das cales só unha será válida. Por cada pregunta contestada correctamente terá 1,5 puntos, ata un máximo de 37,5 puntos. Por cada resposta incorrecta restaranse 0,75 punto e as respostas en branco non puntúan.

Haberá 3 preguntas de reserva, por si algunha das anteriores fose impugnada.

Esta proba será eliminatoria, sendo precisa para superala un mínimo de 23 puntos.

- Unha pregunta aberta, con un valor de 12,5 puntos na que os aspirantes deberan contestar unha cuestión relacionada co GDR e o seu ámbito de actuación.

As preguntas estarán baseadas no temario que se describe a continuación:

TEMARIO

- Estrutura económica e social do territorio do GDR UTM 20.
- Aspectos xeográficos do territorio. Patrimonio natural e cultural.
- Bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOG nº 42, mércores 2 de marzo de 2016)
- A Axencia Galega de Desenvolvemento rural. (AGADER)
- Modelo de convenio de colaboración entre Agader e os GDR no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Acordo de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e Agader no marco do PDR 2014-2020.
- PDR de Galicia 2014-2020 (Decisión da Comisión Europea C (2015)8144, de 18 de novembro, aprobatoria del PDR de Galicia 2014-2020.

- Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Normativa Comunitaria de aplicación:
  - a.- Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro.
  - b.- Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro.
  - c.- Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro.
  - d.- Regulamento delegado (UE) 807/2014, de la Comisión, de 11 de marzo, que contempla o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
  - e.- Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, da Comisión de 17 de xullo
  - f.- Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, da Comisión de 17 de xullo

Unha vez realizada a proba escrita, e no prazo máximo de 7 días naturais contados dende o día seguinte ao da súa realización, publicarase o resultado da proba no blog: <http://ullatambremando.blogspot.com.es> cas notas obtidas polos participantes, e ademais tamén poderán ser publicadas na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>.

Unha vez publicada esta Lista provisional, os participantes contarán con un período de reclamacións de 3 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Pasados estes 3 días publicarase:

- A lista definitiva.
- A data de inicio da seguinte fase.
- As persoas citadas para a primeira entrevista así como o calendario de días previstos para as consecutivas entrevistas e persoas convocadas para cada día.

## 7.2.- ENTREVISTA PERSOAL

Os aspirantes que superaran a fase anterior pasarán a realizar unha entrevista persoal, dunha duración aproximada de 15-20 minutos por candidato.

A finalidade da entrevista será avaliar a idoneidade dos candidatos aspirantes e a capacidade e disposición dos mesmos para o desenvolvemento dos postos e tarefas ás que opten.

A entrevista persoal suporá un 25% da cualificación final no proceso, a Secretaria da comisión de Selección levantará acta das puntuación outorgadas por cada membro da Comisión de Selección a cada un dos candidatos para cada posto.

Finalizadas as entrevistas de tódolos candidatos, publicarase no blog: <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>, as puntuacións obtidas por cada un dos candidatos entrevistados.

E ademais tamén poderá ser publicado na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>.

### 7.3.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACREDITADOS

Publicadas as puntuacións obtidas por cada un dos candidatos entrevistados, a Comisión de Selección disporá dun prazo de 7 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación para realizar o estudo ,a comprobación e a valoración dos curriculums vitae cos méritos acreditados .

O baremo aplicable á valoración dos méritos suporá un 25% da calificación final do proceso de selección.

Dado que estamos na ultima fase do proceso selectivo, na mesma data publicarase todas as puntuacións obtidas polos candidatos en cada fase, e as puntuacións FINAIS, que serán o resultado da suma de tódalas puntuacións.

As puntuacións finais e o desglose das obtidas publicarase no blog: <http://ullatambremandeo.blogspot.com.es>

E ademais tamén poderá ser publicado na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>.

### MÉRITOS A VALORAR PARA O POSTO DE XERENTE

A: Formación Académica	Máx. 5 puntos
Licenciatura ou Grao en Ciencias Económicas, Administración e Dirección de Empresas. Máx 2,5 puntos	
Estudios de terceiro ciclo (Doutorado), Postgrao ou Máster directamente relacionado con materias de Desenvolvemento Rural. Puntuarase con 1,25 puntos por cada título. Máx 2,5 puntos	
B: Formación Complementaria	Máx. 3 puntos
Formación específica vinculada ao Desenvolvemento Rural, 0,2 puntos / cada 20 horas, acreditados por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centros de Formación Acreditados. Máx 1,5 puntos	
Formación específica vinculada a coñecementos económico - financeiros, ofimáticos, administrativos ou indirectamente vinculada ao Desenvolvemento Rural, 0,1 pts / cada 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centros de Formación Acreditados. Máx 1,5 puntos	

<b>C: Idiomas</b>	<b>Máx. 3 puntos</b>
<p>Certificado de Lingua Galega:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• CELGA 4: 1 punto.</li> <li>• CELGA 5 e/ou o curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega: 1,5 puntos.</li> </ul> <p>Ou as súas correspondentes convalidacións segundo a ORDE de 10 de febreiro de 2014.</p> <p>Só se valorará o nivel máis alto</p> <p>Máx: 1,5 puntos</p>	
<p>Por certificado de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas expedido polos centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de referencia para linguas (MCER):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel B1: 0,5 puntos.</li> <li>• Nivel B2: 1 punto.</li> <li>• Nivel C1 ou superior: 1,5 puntos.</li> </ul> <p>Só se valorará o nivel máis alto</p> <p>Máx: 1,5 puntos</p>	
<b>D: Experiencia Profesional</b>	<b>Máx. 14 puntos</b>
<p>Por experiencia como xerente/director en programas de desenvolvemento local participativo LEADER: 1 punto/ ano.</p> <p>Só se terán en conta meses enteiros para a valoración.</p> <p>Os meses cotan de xeito proporcionado, a modo de 0,083 puntos/mes enteiro.</p> <p>Máx. 9 puntos.</p>	
<p>Por experiencia como xerente/director en outros programas de desenvolvemento local: AGADER, GALP, PRODER e outros de filosofía similar LEADER: 0,50 puntos /ano.</p> <p>Os meses cotan de xeito proporcionado, a modo de 0,083 puntos/mes enteiro.</p> <p>Só se terán en conta meses enteiros para a valoración.</p> <p>Máx. 5 puntos.</p>	
<b>TOTAL (Suma A+B+C+D)</b>	<b>Máx. 25 puntos</b>

## MÉRITOS A VALORAR PARA O POSTO DE TÉCNICO

A: Formación Académica	Max. 5 puntos
Licenciatura ou Grao en Ciencias Económicas, Administración e Dirección de Empresas. Máx 2,5 puntos	
Estudos de terceiro ciclo (Doutorado), Postgrao ou Máster directamente relacionado co Desenvolvemento Rural. Puntuarase con 1,25 puntos por cada título. Máx 2,5 puntos	
B: Formación Complementaria	Max. 4 puntos
Formación específica vinculada ao Desenvolvemento Rural, 0,2 puntos / cada 20 horas, acreditados por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centros de Formación Acreditados. Máx 1,5 puntos	
Formación específica vinculada a coñecementos en contabilidade, ofimáticos, internet e deseño gráfico ou indirectamente vinculada ao Desenvolvemento Rural: 0,1 puntos / cada 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centros de Formación Acreditados. Máx:2,5 puntos	
C: Idiomas	Max. 2 puntos
Certificado de Lingua Galega: <ul style="list-style-type: none"> <li>• CELGA 3: 0,5 puntos.</li> <li>• CELGA 4: 1 punto.</li> </ul> Ou as súas correspondentes convalidacións segundo a ORDE de 10 de febreiro de 2014. Só se valorará o nivel máis alto. Máx: 1 punto	
Por certificado de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas expedido polos centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de referencia para linguas (MCER): <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel B1: 0,5 puntos.</li> <li>• Nivel B2: 0,75 puntos.</li> <li>• Nivel C1 ou superior: 1,0 punto.</li> </ul> Só se valorará o nivel máis alto Máx: 1 punto	
D: Experiencia Profesional	Max. 14 puntos
Experiencia acreditada polo candidato no desempeño do posto de técnico en programas de desenvolvemento local participativo LEADER: 1 punto/ ano. Os meses cotan de xeito proporcionado, a modo de 0,083 puntos/mes enteiro. Só se terán en conta meses enteiros para a valoración. Máx. 9 puntos.	
Por experiencia como técnico en outros programas de desenvolvemento local: AGADER, GALP, PRODER e outros de filosofía similar LEADER: 0,50 puntos /ano. Os meses cotan de xeito proporcionado, a modo de 0,083 puntos/mes enteiro. Só se terán en conta meses enteiros para a valoración. Máx 5 puntos.	
TOTAL (Suma A+B+C+D)	Máx. 25 puntos

PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL

14

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA, TAMBRE, MANDEO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER  
Europa inviste no rural

## BASE 8 .- CLASIFICACIÓN FINAL E CONTRATACIÓN

Aquel aspirante que houbera obtido a MAIOR PUNTUACION TOTAL, accederá directamente o posto, os dous aspirantes seguintes en puntuación obterán unha “reserva de praza” construíndo unha lista de espera, para o caso de que a persoa seleccionada renuncie a praza ou non supere o período de proba.

A Comisión de Selección poderá declarar o proceso deserto de non acadar ningún dos aspirantes os requisitos mínimos establecidos.

## BASE 9.- ALEGACIONES, IMPUGNACIONES E INCIDENCIAS

A convocatoria, as bases e as fases do proceso de selección, poderán ser impugnadas polos interesados, presentando recurso ou alegacións, por escrito, ante o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla, Tambre, Mandeo e dirixido á Comisión de Selección do GDR UTM no prazo de 3 días naturais contando a partir do día seguinte á súa publicación do acto que quere alegar.

Ditos escritos remitiranse por correo postal certificado a :

**ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA, TAMBRE, MANDEO  
A/Att. COMISIÓN DE SELECCIÓN DO GDR UTM 20**

**CONCELLO DE O PINO  
RUA CONCELLO S/N  
15821 PEDROUZO, ARCA (O PINO)**

indicando no sobre “ALEGACIONES AO PROCESO DE SELECCIÓN DO XERENTE” ou “ALEGACIONES AO PROCESO DE SELECCIÓN DE TÉCNICO”

A Comisión de Selección deberá resolver no prazo máximo de 3 días naturais a contar dende o día seguinte da súa recepción. No caso de que revisada a impugnación o candidato superase a fase impugnada engadirase a lista de persoas seleccionadas e publicarase a tódolos efectos nos mesmos medios nos que se publican as listas.

A Comisión de Selección estará facultada para resolver calquera incidencia que puidera xurdir durante o desenvolvemento do proceso selectivo e ata a proposta de contratación, así como de resolver o convinte para a correcta execución do proceso selectivo.

O Pino 17 de novembro de 2016



## ANEXO I

### MODELO SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

POSTO: \_\_\_\_\_

D/Dna:

Con D.N.I.:

e enderezo en:

Teléfono/Móbil:

Enderezo correo electrónico:

#### Expón

Que coñece e acepta as Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal para a execución do programa Leader polo Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla, Tambre, Mandeo

Que reúne os requisitos mínimos establecidos na convocatoria, en concreto, na BASE 2.- DESCRIPCIÓN DOS POSTOS, REQUISITOS E FUNCIONES

E ademais que adxunta á presente solicitude a documentación seguinte:

Sinalar con un X

Copia do DNI.	Listado enumerado dos méritos alegados que serán os que se acrediten para a valoración na fase do concurso e copia ordenada, segundo dito listado, dos títulos que acrediten ditos méritos.
Copia da titulación requirida.	Informe de vida laboral, para a acreditación da experiencia laboral.
Copia do permiso de conducir B e declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.	Certificado de empresa coa relación de funcións desenvolvidas.
Currículo do/a aspirante en formato Europass	

#### Solicita:

Que se teña por presentada a seguinte instancia xunto cos documentos que a acompañan e admítese, ao obxecto de participar nas probas de selección convocadas para cubrir o posto arriba indicado.

Lugar, data e sinatura do solicitante:

Notas aclaratorias:

*A efectos comprobatorios, poderá requirirse a documentación orixinal para a súa compulsión antes da contratación.*

*Non se valorarán os méritos non acreditados convenientemente*

ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA, TAMBRE, MANDEO  
A/Att. COMISIÓN DE SELECCIÓN DO GDR UTM 20  
CONCELLO DE O PINO  
RUA CONCELLO S/N  
15821 PEDROUZO, ARCA (O PINO)

PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL

16

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA, TAMBRE, MANDEO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER  
Europa inviste no rural